

INAUGURACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN DO ARTISTA RICARDO RILO

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo venres 3 de abril de 2009, ás 20.30 h, na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo – Culleredo), o acto de inauguración dunha exposición do pintor, ilustrador e gravador Ricardo Rilo.

No transcurso do acto tomarán a palabra Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura; Carlos Pereira Martínez, historiador, e o artista.

É Ricardo Rilo un creador máis desa pléiade de artistas que desenvolven o seu traballo na comarca das Mariñas coruñesas; un artista que se move con soltura entre a figuración e a abstracción. Estamos seguros de que as persoas amantes da Arte que se acheguen á Sala disfrutarán con esta exposición.

A exposición permanecerá aberta ao público do 3 de abril ao 2 de maio de 2009, no seguinte horario:

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Datos biográficos

Ricardo Pérez Rilo reside en Oleiros, onde ten un taller de gravado en Santa Cruz. Imparte clases de pintura e gravado. Membro da Asociación de Artistas Plásticos de Galicia (ARGA), ten ilustrado libros infantís e xuvenís para editoriais como Edicións do Cumio ou Edicións Xerais de Galicia.

Realizou no Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC) de Betanzos os Másters de Grabado Calcográfico, Grabado Xilográfico e Técnicas Aditivas.

Participou no “I Diálogo de Pintura e Poesía de Culleredo” (2008), na Feira de Artes Plásticas de ARGA (A Coruña, 2008) e no III Encontro coa Arte do Concello de Brión (2008).

Ao longo da súa traxectoria ten realizado exposicións individuais, ou participado en colectivas, en Caixa Galicia (Ferrol), “Modus Vivendi” (Santiago), Galería “Universo” (Pontevedra), Galería “Jaime Trigo” (Pontevedra), Galería “Carteles” (Ferrol), Casa da Cultura (Noia), Hotel Atlántico (A Coruña), “Casa do Libro” (Vigo), Centro Comarcal (Viveiro), Galería “Durán” (Madrid), Galería “María Balteira” (Santiago), Galería “M.C.” (Santiago) ou Galería “Bomob” (A Coruña).

Últimas exposicións:

2006: Galería “Be I Truth”; Galería “Coarte” (A Coruña); colectiva Galería “M.C.” (Santiago); Galería “Kosovelov Dom. Sezana” (Eslovenia); Galerija “Muzej Velenje” (Eslovenia); Galerija “Idrija” (Eslovenia); Galerija “Sivceva Hisa” (Eslovenia).

2007: Casa “Charry” (Oleiros); “Ateneo Ferrolán” (Ferrol); colectiva de grabado, Galería “C.I.E.C.” (Betanzos).

2008: Club do Mar de San Amaro (A Coruña); Galería “Petronio Arte” (Santiago); colectiva *Grandes artistas, pequeno formato*, Galería “Galyarte” (Santiago); colectiva *5 propostas*, Sala da Asociación de Artistas Plásticos Galegos (Santiago).

Culleredo, 30 de marzo de 2009
O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez